

TEATRO GALEGO NO SÉCULO XX

*Bibiana García
Ríos*

&

*Andrea Lamas
Juncal*

- O teatro precisa estruturas económicas e institucionais moi completas e custosas e dun público frecuente, condicións que non se dan en Galicia durante gran parte do s. XX.



O teatro ata 1936

- En 1903 créase a Escola Rexional de Declamación, precedente das Irmandades da Fala.




ÉPOCA DAS IRMANDADES

- Para as Irmandades da Fala o teatro era un instrumento para dignificar a lingua e espallar o seu ideario nacionalista.



Tres tendencias teatrais desta etapa:

- Teatro costumista-ruralista: dominante no conxunto da produción.
- Teatro de tese e propagandístico: levado a cabo polas Irmandades da Fala. É un teatro de ambiente e tema máis urbano cá anterior tendencia.
- Teatro renovador (Dieste e Nós): que concilia o popular e galego coas técnicas da vangarda artística.



- En 1919 as Irmandades fundan o Conservatorio Nacional de Arte Galega, intento serio de fomentar a dramaturxia galega.



- O teatro galego tradicional estaba pechado no tema anecdótico, no populismo e o folclorismo. Non tiña innovacións.



- Os dramaturgos vinculados ás Irmandades (sobre todo Antón Villar ponte, Ramón Cabanillas e Armando Cotarelo) procuraron a superación desta tradición.



- Ao labor dos autores anteriores, únense as obras teatrais dos homes das xeracións seguintes.

Destacan os seguintes escritores:





RAFAEL DIESTE

- Pertencente á xeración de 1925 da época das vangardas. A súa obra máis importante é A fiestra valdeira, chea de elementos vangardistas, na que expón o conflito dun indiano que se enriquece da emigración e ten que enfrontarse ao problema de que a súa muller e a súa filla se avergoñen da súa orixe.



VICENTE RISCO

- Pertencente á Xeración Nós. En 1928 publica O bufón de El-Rei, obra baseada na materia de Bretaña, conta a historia dun bufón que descobre a relación entre a raíña e o seu amante o capitán.



OTERO PEDRAYO


- Pertencente á Xeración Nós. En 1929 publica A lagarada, que trata os amores entre un labrego vello e rico e unha moza criada da casa, unha traxedia na que aparece a cobiza e a luxuria.



CASTELAO

- Pertencente á Xeración Nós.
Escribiu a obra Os vellos non deben de namorarse, na que 3 vellos ricos namóranse de 3 mozas pobres.

- As obras destes autores significaron a modernidade na nosa produción teatral e son hoxe obras clásicas na historia do teatro galego.



Teatro de 1939 a 1975

- A ditadura franquista non permitiu representar obras de ideoloxía contraria ao poder, polo que eran de escasa calidade e nelas esaxerábanse os tópicos folclóricos de Galicia.


Teatro de 1939 a 1975

O TEATRO EN GALICIA: As tendencias predominantes serán:

- Nos **anos 40** só hai o teatro coral defendido polo réxime. Era un teatro costumista-ruralista.
- **Nos 50** aparece o teatro intimista, no que destaca o tratamento de temas de dimensión universal.
- A partir de mediados dos **60** xorde o teatro reivindicativo: de compromiso social coa realidade do país.

Teatro de 1939 a 1975

- Destaca neste período Álvaro Cunqueiro, autor da obra O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dimarca (1959) na que fai unha recreación moi persoal do personaxe shakespeareano fundíndoo co mito de Edipo; e mais de A noite vai coma un río (1969), peza chea de lirismo en que unha namorada, agarda por un amante ideal que non existe.



O TEATRO NO EXILIO AMERICANO

- Depois de 1939 o teatro galego refuxiouse en América. Distínguense dúas tendencias, o teatro popular e o culto.





TEATRO NO EXILIO AMERICANO

- **Teatro culto**: Tenta dotar o teatro galego de valor universal, polo que incorpora técnicas dramáticas e estéticas modernas. Procura provocar a reflexión intelectual sobre os problemas políticos e sociais que había en Galicia.

TEATRO NO EXILIO AMERICANO

- Destaca no teatro culto **Eduardo Blanco Amor** coas obras Farsas para títeres e Teatro para a xente, que pretenden ser xunto coa obra de **Luis Seoane**, A soldadeira, unha alternativa culta á liña popular-costumista.



- **Teatro popular**: Seguía o realismo costumista e tiña unha pobre escenografía. As obras tentaban espertar a conciencia galeguista mediante a lembranza da patria.

- No teatro popular destaca o dramaturgo galego **Manuel Varela Buxán**, autor moi prolífico, fundador da compañía teatral galega máis importante en Bos Aires, a *Compañía Galega Maruja Villanueva* e autor de obras como O cego de Fornelos ou O ferreiro de Santán.

TEATRO DESDE 1975

- Desde finais da década de 1960 ata a actualidade distínguense dúas etapas na evolución do teatro:

TEATRO DESDE 1975

ETAPA DO TEATRO INDEPENDENTE:

- En 1965 Manuel Lourenzo funda o Teatro Circo, o primeiro grupo de teatro galego independente. O **teatro independente** pretendía rescatar o teatro das salas convencionais e achegalo ao pobo.

TEATRO DESDE 1975

- As compañías independentes (O Facho, Antroido, Troula, Máscara 17, Artello, Fundación, etc.) facían un teatro itinerante, pretendían romper coa diglosia escénica e crear as infraestruturas que permitisen o desenvolvemento pleno dunha dramaturxia galega.

TEATRO DESDE 1975

- Entre 1973 e 1980, a Asociación Cultural Abrente comeza a organizar en Ribadavia unha mostra teatral que serviría como plataforma fundamental de exhibición teatral para grupos como Teatro Circo, e para autores como **Euloxio Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño.**

TEATRO DESDE 1975

- Os autores do grupo Abrente conseguiron a normalización lingüística do teatro, fixeron un teatro comprometido coa nosa realidade sociopolítica e uniron a nosa tradición coas tendencias vangardistas europeas.

TEATRO DESDE 1975

A ETAPA DEMOCRÁTICA (desde 1980):

- o En 1984 creouse o Centro Dramático Galego (CDG), que escenificou obras galegas e traducións de autores estranxeiros.

TEATRO DESDE 1975

o O CDG case conseguiu estabilizar un teatro en galego. Ata se pode dicir que este se atopa no seu mellor momento, malia que non se trate aínda dun espectáculo autosuficiente.

- **Grupos de teatro independientes**
destacables: Antroido, Troula, Artello, Sarabela e Ollomol, entre outros.

- Na actualidade tamén hai propostas teatrais para o público infantil : teatro de monicreques, contacontos, teatro na rúa...



LETRAS GALEGAS 2013

Roberto Vidal Bolaño

- Fundador de grupos teatrais como Antroido ou Teatro do Aquí. Un dos primeiros directores do teatro institucional. A obra de Roberto Vidal Bolaño está marcada pola estética da derrota e a crítica da modernidade. Dono dunha ampla obra, Laudamuco, señor de ningures, Ladaíñas pola more do meco, Saxo tenor, Cochos, Doentes, etc.